

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 2020/42687. Aprobación das Bases do programa F0203/2021

Por resolución do Presidente da Deputación núm. 42687 do 29 de decembro de 2020, aprobáronse as Bases reguladoras do programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar actividades culturais durante o ano 2021, que se transcriben deseguido:

#### PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA REALIZAR ACTIVIDADES CULTURAIS DURANTE O ANO 2020

##### Datos do programa

Denominación:	Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar actividades culturais durante o ano 2021
Referencia:	F0203/2021- Importe 900.000 €
Aplicación orzamentaria:	0612/3341/481 0612/3341/481- Importe 950.000,00 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe da orzamento de gastos:	Mínimo 3.000 €
Importe da subvención que se ha conceder:	Mínimo 1.000 € Máximo en función da modalidade: A. Entidades de natureza cultural: 30.000 € B. Entidades de natureza veciñal: 10.000 € C. Entidades de natureza socioeducativa: 10.000 € D. Entidades de natureza social e/ou asistencial:10.000 €
Importe solicitado:	Ata o 80 % do orzamento de gastos subvencionable
Coefficiente de financiamento:	Variable entre 0,20 e 0,80

##### Base 1. Liñas xerais

**1.1.-** A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades privadas da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

No ano 2021, nunha realidade social, económica e cultural claramente condicionada pola crise socio-sanitaria da COVID19, a área de Cultura da Deputación da Coruña renova a súa aposta polo apoio ao sector cultural en todas as súas dimensións, e moi especialmente naquelas máis directamente vinculadas á creación de emprego e mantemento de estruturas profesionais e creativas. Igualmente, parece necesario que as entidades solicitantes teñan en conta o contexto COVID no deseño do seu plan de actividades, e nas datas, formatos e posibilidades reais de desenvolvemento deste.

##### 1.2.- Uso da lingua galega

O [Estatuto de Autonomía de Galicia](#), aprobado en 1981, puxo fin no plano legal á prohibición e discriminación padecida pola lingua galega durante a Ditadura franquista, dispoñendo no seu artigo 5º que:

1. A lingua propia de Galicia é o galego.

2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.

3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

Pola súa banda, a [Lei de Normalización Lingüística](#), aprobada en 1983, sinala no seu artigo 4.1 que o galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma; no seu artigo 6.1, que os cidadáns teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da comunidade autónoma; no seu artigo 6.2, que as actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada; no seu artigo 6.3, que os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns; e no artigo 10 que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega e que lle corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos topónimos de Galicia.

Finalmente, o artigo 7.1 da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia especifica que o galego, como lingua propia de Galicia, tamén o é da súa Administración local. Ademais, detalla que as convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, resolucións nas comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais se redactarán en lingua galega. Pola súa parte, desde o ano 2017 esta Deputación conta cunha Ordenanza de Usos da Lingua Galega que define o marco lingüístico de funcionamento interno e os criterios que rexen neste aspecto.

A pesar do recollido no devandito marco legal, a evolución do contexto cultural e a carencia de políticas de apoio á lingua galega no plano social e educativo nas últimas décadas fai que, como sinalan todos os datos dos estudos científicos realizados ao respecto, a lingua galega continúe hoxe a vivir unha situación de evidente desigualdade social, e que a produción cultural, científica e comercial realizada en lingua galega atope grandes dificultades para se poder desenvolver en normalidade no noso propio país.

A Área de Cultura da Deputación da Coruña, consciente desta realidade e convocante desta liña de subvencións, considera que as administracións públicas galegas temos a obriga legal e o deber político de garantir que non se produzan discriminacións nin desigualdades, sexan estas da natureza que sexan, e dentro delas tampouco as que se dan nos usos lingüísticos. O ámbito público debe ser exemplar no seu esforzo e compromiso para facer posible en Galicia o que hoxe non o é: vivir con normalidade en galego, en todos os campos da vida social, cultural e económica. Para logralo, son fundamentais as políticas públicas que apoiem claramente a diversidade cultural e garantan o dereito á produción e ao acceso cultural no noso idioma. Non desenvolver políticas de apoio á lingua galega supón contribuír, por deixación de responsabilidade pública, á súa minoración social e á continuidade e agravamento da desigualdade hoxe existente.

**1.3.-** Polo que se refire ao tipo de tramitación, as subvencións da presente convocatoria tramitaranse de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTeL).

A tramitación telemática aplicaráselle a todas as fases do procedemento (solicitud, concesión e xustificación) e incluíranse en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación e máis os envíos de documentación que fosen necesarios para tramitar os expedientes.

Conforme co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas notificaráselle ás entidades interesadas as resolucións e actos administrativos que lle afecten os seus dereitos e intereses.

A resolución da solicitud de subvención, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e, de conformidade co establecido no artigo 45 da indicada Lei 39/2015, notificarase mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web da Deputación, á cal se remitirá o texto publicado no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de notificacións administrativas.

## **Base 2. Réxime xurídico**

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña do 1 de febreiro de 2019, BOP 72, do 15 de abril de 2019.

Regulamento orgánico e Bases de execución do orzamento de 2021 da Deputación da Coruña.

Ordenanza xeral de administración electrónica da Deputación da Coruña do 6 de novembro do 2015, BOP 56 do 23 de marzo de 2016

Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña do 15 de setembro de 2017 , BOP núm.186 do 29 de setembro de 2017.

### Base 3. Obxecto

As axudas económicas obxecto da presente convocatoria destinaranse á **realización de actividades culturais** por parte das entidades sen ánimo de lucro da provincia.

Na procura dunha mellora na definición do obxecto desta convocatoria e da súa utilidade e impacto social, a Área de Cultura da Deputación da Coruña busca perfilar progresivamente esta liña de axudas como unha convocatoria orientada ao **apoio ao desenvolvemento de proxectos culturais**, e non ao simple financiamento de actividades culturais illadas e inconexas entre elas.

Por tanto, a importante aposta económica que se realiza nesta liña quérese que repercuta na posta en marcha de **proxectos**, comprendido este termo como programas unitarios de actividades que comparten vinculación e coherencia temática, de obxectivos e de identidade como conxunto.

A convocatoria de 2021 atende, nalguna das súas modalidades, ambas realidades, mais introduce mecanismos de valoración que premian o desenvolvemento de proxectos e programas culturais sobre a simple realización de actividades soltas. É intención desta Área de Cultura delimitar progresivamente o obxecto da convocatoria neste sentido.

Canto ás modalidades internas, a convocatoria F0203, no ánimo de procurar unha mellora da eficiencia na xestión e tramitación cara ás entidades e da eficacia na súa utilidade de cara á concreción dos obxectos das axudas, distingue catro tipos de entidades.

As entidades indicarán na súa solicitude de cal das catro modalidades forman parte, e enfocarán a programación de actividades para a que solicitan apoio en función da natureza e tipoloxía dos proxectos susceptibles de seren subvencionados en cada unha delas. O Servizo de Cultura da Deputación procederá, caso de detectar escollas erróneas de modalidade por parte das entidades, á súa corrección e adscrición á modalidade axeitada.

Só serán obxecto de axuda os gastos de carácter corrente, en ningún caso bens inventariables.

A realización do programa de actividades para o que fose concedida a subvención será de exclusiva responsabilidade da entidade, así como as obrigas fiscais e de seguridade social que delas se deriven.

As catro modalidades desta convocatoria son as que se indican a continuación:

**MODALIDADE A. Entidades de natureza cultural** (asociacións culturais e entidades que teñan o seu carácter cultural debidamente acreditado no seus estatutos).

Nesta modalidade, apoiarase unicamente o **desenvolvemento de proxectos e actividades culturais** vinculadas á creación, investigación, formación e difusión cultural e á dinamización sociocultural do territorio.

Indicamos a modo de exemplo unha relación de actividades susceptibles de contaren con apoio económico:

- As actividades de elaboración, edición e difusión de contidos culturais: libros, revistas, discos, filmes, propostas musicais e escénicas, exposicións, xornadas, congresos, clubs de lectura, recitais
- As programacións artísticas: ciclos, certames, xornadas, concertos, presentacións...
- O desenvolvemento de traballos e actividades culturais de investigación, formación, análise ou debate: seminarios, cursos, congresos, simposios, xornadas formativas, publicacións, mesas debate, conferencias, charlas...
- Os proxectos de apoio á creación: residencias artísticas, convocatorias de bolsas artísticas, etc
- Os proxectos socioculturais.
- Os proxectos de recuperación da historia e a memoria local.
- Os proxectos das entidades de tempo libre, unicamente cando sexan proxectos integrais e non actividades illadas e teñan unha clara orientación cultural e/ou patrimonial.

- Os proxectos de apoio e fomento da creatividade artística das persoas e colectivos.
- Os proxectos e actividades de posta en valor e difusión do patrimonio cultural material e inmaterial e de dinamización do territorio: publicacións, guías, rutas patrimoniais, contidos audiovisuais...
- Os eventos e festivais dos diferentes campos da cultura. No caso dos festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas, só poderá solicitarse apoio a través desta convocatoria para aqueles que:
  - a) realicen programación de carácter non profesional (por exemplo, teatro amador ou artistas e grupos musicais non profesionais)
  - b) realicen programación de carácter profesional mais cun orzamento menor a 10.000 euros.

**MODALIDADE B. Entidades de natureza veciñal** (asociacións de veciñas e veciños, asociacións xuvenís, de amas de casa, da terceira idade, asociacións de mulleres rurais...).

Apoiarase unicamente o **desenvolvemento de proxectos e actividades de natureza sociocultural**, dirixidos á dinamización comunitaria e á vertebración e cohesión social. Indicamos a modo de exemplo unha relación de actividades susceptibles de contaren con apoio económico:

- Actividades relacionadas coa recuperación da historia, o patrimonio, a identidade e a memoria do territorio e das veciñas e veciños.
- Actividades relacionadas coa información e difusión de contidos vinculados á veciñanza, a través de publicacións, revistas, libros, exposicións, contidos audiovisuais, soportes dixitais, etc
- Actividades relacionadas coa formación e/ou o lecer, como cursos, eventos, xornadas, etc sempre que os contidos sexan de carácter cultural. Están excluídos todos os indicados na base 4 desta convocatoria. Primaranse aqueles destinados a mellorar a convivencia veciñal e a fortalecer a relación, colaboración e integración da veciñanza.
- Actividades de fomento da participación social (debates, mesas redondas, foros, etc). Primaranse os contidos relacionados coa sensibilización tanto de temas relacionados coa problemática específica de cada parroquia, barrio ou concello, como doutros temas relacionados co fomento de condutas cívicas vinculadas á igualdade de xénero, o respecto á diversidade cultural, lingüística, relixiosa, afectivo-sexual, etc, o apoio e atención a sectores con dificultades, a educación ou a convivencia interxeracional.

En todos os casos se **primarán** as propostas orientadas ao desenvolvemento de proxectos sobre aquelas que simplemente desenvolvan actividades de carácter puntual e non se insiran no marco dun proxecto definido.

**MODALIDADE C. Entidades de natureza socioeducativa** (ANPAS de centros educativos do ensino público, asociacións pedagóxicas, etc).

Apoiaranse **únicamente proxectos** dirixidos á mellora do rendemento e das competencias educativas en colaboración co entorno socioeducativo dos centros. Para este efecto entendemos por proxectos aqueles programas de actividades que comparten vinculación e coherencia temática, de obxectivos e de identidade en tanto conxunto.

As actividades propostas deben integrar aprendizaxes e iniciativas que poidan ser accesíbeis en condicións de equidade para todo o alumnado. Admítiranse tamén, para alén das propostas dirixidas ao alumnado, iniciativas dirixidas á capacitación de nais e pais no desenvolvemento da súa función educativa.

Quedarán **excluídas** desta convocatoria aquelas actividades que teñan carácter puntual e que non se insiran no marco dun proxecto definido. Apoiaranse, por tanto, programas unitarios de actividades que compartan vinculación e coherencia temática, de obxectivos e de identidade en tanto conxunto, e non se apoiarán actividades soltas ou illadas. Excepcionalmente poderán admitirse actividades puntuais de especial relevancia e actualidade que pola importancia da temática a tratar afecten á vida do centro educativo (acoso, conflictividade, etc).

**MODALIDADE D. Entidades de natureza social e/ou asistencial** (entidades que realizan o seu labor de xeito prioritario no campo dos servizos sociais, o medio ambiente, a igualdade, a memoria histórica, a sensibilización e traballo en valores cívicos e o desenvolvemento territorial e socioeconómico)

As entidades indicarán na súa solicitude de cal das catro modalidades forman parte. O Servizo de Cultura da Deputación procederá, caso de detectar escollas erróneas de modalidade por parte das entidades, á súa corrección e adscripción á modalidade axeitada.

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021

**3.1.-Gastos subvencionables neste programa:**

Apoiarase unicamente o desenvolvemento de proxectos culturais orientados á información e sensibilización social sobre o campo de traballo das entidades peticionarias e ao traballo cos seus destinatarios directos a través de contidos artísticos e culturais.

Neste programa subvencionaranse unicamente os seguintes conceptos:

**A) Desenvolvemento de actividades**, que inclúe:

- as contratacións externas de servizos (monitores, relatores, profesorado, coordinador/a de actividades, etc)
- a difusión das actividades (cartelería, materiais de imprenta, publicidade en medios, etc)
- edición e publicación de libros, catálogos e outros soportes
- os materiais funxibles precisos para a realización da actividade
- o transporte necesario para a realización das actividades, en medios de transporte regular.

**B) Soldos e salarios e Seguridade Social** do persoal contratado para a realización das actividades.

**C) Alugueiro de espazos para a realización das actividades.** Se a entidade solicitante utiliza como espazo habitual das actividades o seu local en alugueiro e quere incluír este gasto anual como concepto de gasto subvencionable, deberá xustificar ese uso na memoria incluíndo na súa solicitude de subvención un mínimo de 20 actividades anuais que se van desenvolver nel, excluíndose do cómputo as de natureza interna (reunións da directiva, asembleas de socios e socias, ensaios, etc).

**Gastos subvencionables no programa F0203/2021:**

CONTA	DESCRICIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXCENL
600	Compras de bens destinados á actividade ( material non inventariable)
621	Arrendamentos e canons
623	Servizos de profesionais independentes (contratacións externas)
624	Transportes
627	Publicidade e propaganda
640	Soldos e salarios
642	Seguridade social a cargo da entidade

\* Resolución do 26/03/2013, do Plan de contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos.

**3.2.- Operacións vinculadas.**

No caso de que o solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade obxecto da subvención con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, segundo o disposto no artigo 29.7.d) da Lei xeral de subvencións, no momento da solicitude deberá presentar solicitude de autorización e o concepto de gasto será o de Servizos profesionais independentes.

A solicitude de autorización tamén poderá presentarse na fase de alegacións á concesión provisional da subvención.

Considérase que existe vinculación coas persoas físicas e xurídicas nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 68.2 do RD 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

Para contratar a persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, deben cumprirse os seguintes requisitos:

1. Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación.
2. Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.
3. Que a contratación de actividades e servizos con persoas vinculadas non supere o límite máximo do 40 por cen do importe da actividade subvencionada, sumando os importes de todos os contratos con persoas vinculadas.

**Base 4. Compatibilidades e exclusións**

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



As entidades que opten por este programa poderán tamén obter subvención nos seguintes programas:

FO204: *Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar investimentos culturais durante o ano 2021.*

FO223: *Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña durante o ano 2021.*

#### Entidades excluídas:

- As entidades titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas e as fundacións (que teñen o programa específico FO200); as corais polifónicas, bandas de música populares, entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais de grande formato da provincia da Coruña (que teñen o programa específico FO213). Igualmente quedan excluídas as ANPAS de centros educativos privados.

- Os colexios profesionais.

- Persoas ou entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

- Persoas ou entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro

#### Actividades ou gastos excluídos:

- Aquelas actividades que teñan carácter puntual e non se insiran no marco dun proxecto definido. Apoiaranse, por tanto, programas unitarios de actividades que compartan vinculación e coherencia temática, de obxectivos e de identidade en tanto conxunto, e non se apoiarán actividades soltas ou illadas.

- Os eventos de carácter económico vinculados á recreación histórica (feiras históricas, mercados medievais e similares) ou á celebración gastronómica (festas, xornadas de degustación de produtos e similares).

- As actividades de carácter non estritamente cultural, como viaxes de ocio (excursións, viaxes turísticos e similares) ou festas e celebracións de carácter veciñal (festas parroquiais, veciñais, gastronómicas...).

- As actividades formativas non vinculadas directamente a contidos artísticos (mecnografía, informática, manualidades, labor de retallos, cociña...).

- As actividades deportivas, de promoción económica, de servizos sociais e de turismo.

- As actuacións artísticas solicitadas dentro da Rede Cultural.

- Os festivais musicais, audiovisuais e de artes escénicas que son obxecto específico do programa FO223. **O programa FO223 esixe presentar unha solicitude de subvención de, no mínimo, 10.000 euros** e esixe que a programación sexa de carácter profesional. Por iso, nesta convocatoria FO203 poderán presentarse solicitudes de subvención para festivais sempre que a cantidade solicitada **sexa menor de 10.000 euros**. E do mesmo xeito poderán presentarse á FO203 aquelas solicitudes para o apoio a festivais de carácter non profesional, aínda que neste caso o importe solicitado **poderá superar os 10.000 euros**.

- Pola súa banda, os festivais de música coral, bandas de música populares, entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais de grande formato da provincia da Coruña contan co seu programa específico FO213, co cal quedan excluídos desta liña FO203.

- Os gastos de carácter xeral da entidade (persoal e gastos correntes).

- Os gastos de manutención, aloxamento e atención protocolarias; por iso, este tipo de gastos, tampouco poderán incluírse nos orzamentos que se presenten para calquera outra finalidade.

- Os gastos financeiros.

- Ademais de todas as exclusións devanditas, no caso das entidades solicitantes nas modalidades C (entidades de natureza socioeducativa) e D (entidades de natureza social e/ou asistencial), non se apoiarán nesta convocatoria aquelas actividades soltas ou illadas que non se insiran no marco dun proxecto definido.

#### Base 5. Entidades solicitantes

A presente convocatoria vai dirixida a entidades sen ánimo de lucro, con domicilio fiscal na provincia da Coruña, ou que acrediten que as actividades obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial desta provincia e que cumpran

os requisitos desta convocatoria e os requisitos establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

#### **Base 6. Requisitos e obrigas das entidades**

**6.1.-** Tendo en conta que a tramitación será telemática:

A entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións.

Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

Deberán dispoñer de certificado dixital:

- Quen ocupe a presidencia da entidade ou quen teña delegadas as súas funcións
- Quen ocupe a secretaría da entidade
- Quen exerza as funcións financeiras ou de tesourería

**6.2.-** Estaren ao corrente das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

**6.3.-** Non estaren incurso nas causas de incompatibilidade ou de incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren as subvencións da administración pública dispostas no art. 13 da LXS.

**6.4.-** Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática, de redes sociais ou audiovisual) que fixeran das actividades ou investimentos subvencionados, tamén na súa páxina web.

Calquera comunicación ou publicación das accións desenvolvidas ou calquera información ou materiais de promoción (coma folletos, carteis ou presentacións en formato electrónico) deberán incluír a marca da Deputación integrada polo símbolo e logotipo que o acompaña en lugar que destaque adecuadamente.

**6.5.-** Someterse, na súa condición de quen subscribe a conta, aos procedementos de control que poidan realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo. Como resultado dos ditos procedementos poderáselles esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.

**6.6.-** Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

**6.7.-** Utilizaren, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros/as que poidan acreditar mediante documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón nominativo, etc) no que quede identificada a persoa ou entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento. Só excepcionalmente poderá utilizarse o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, ticket de aparcadoiro etc).

O incumprimento desta disposición, para algún gasto, implicará que este gasto se considere “non subvencionable”, de conformidade cos art. 72.2, 75.2 e 89 do RDLXS e en relación cos art. 31.2 e 37 da LXS, sempre que o dito gasto supere o importe de 150,00€.

**6.8.-** No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de conformidade co disposto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil.

**6.9.-** A entidade beneficiaria da subvención provincial deberá pagar os seus gastos xustificativos antes de que transcorra un mes contado a partir da percepción da subvención. No caso contrario, o dito gasto considerarase como non válido para efectos de xustificación da subvención.

**6.10.-** Tratándose de asociacións constituídas ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito á asociación, deberán contar cun mínimo de 25 membros. **Quedarán exentas desta obriga de mínimo de socios e socias as cooperativas sociais sen ánimo de lucro do sector cultural.**

**6.11.-** Cumprir os requisitos e as obrigas sinaladas no artigo 5 e 6 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Ademais dos requisitos e obrigas de carácter xeral indicadas, as entidades solicitantes de subvención neste programa terán as seguintes:

**6.12.-** As entidades solicitantes procederán á inclusión do logotipo da Deputación nos soportes de difusión das actividades subvencionadas facendo constar ao seu carón o texto: “Actividade subvencionada pola Deputación da Coruña”.

**6.13.-** As entidades ostentarán, en lugar visible e na súa páxina web, a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.

**6.14.-** As entidades solicitantes, na difusión das actividades subvencionadas en redes sociais, deberán incluír ou etiquetar nas súas entradas aos perfís da Área de Cultura da Deputación: @DACultura no TWITTER e <https://www.facebook.com/daccultura/> no FACEBOOK.

**6.15.-** As entidades solicitantes deberán ter sempre a súa páxina web oficial en lingua galega e o conxunto de soportes informativos e de difusión das súas actividades (folletos, carteis, cuñas de audio, programas de man, etc) deberán de estar sempre en lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

**6.16.-** Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a lingua galega como lingua de uso vehicular dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartelería, folletos e equivalentes). Por tanto, todas as actividades e materiais subvencionados deberán realizarse en lingua galega, sen prexuízo de que tamén poidan incluír outras linguas. Desde a Área de Cultura da Deputación farase seguimento específico para comprobar o cumprimento desta obriga.

O incumprimento destas obrigas levará parella a perda da subvención.

### Base 7. Solicitude

**7.1.- Prazo e presentación de solicitudes:** As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTeL)

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros

Os prazos de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste programa no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

### 7.2.- Documentación das solicitudes:

**7.2.1.** A documentación da solicitude de subvención deberá vir asinada do seguinte xeito:

No caso das certificacións, pola secretaría co visto e prace da presidencia ou persoa na que delegue.

No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola presidencia ou persoa que represente a entidade

**7.2.2.** Poderase requirir á entidade para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento. No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, daráselle un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado este prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

**7.2.3.** Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar a integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

**7.2.4.** A documentación que se ha presentar é a que figura a seguir nesta convocatoria, estruturada nos seguintes apartados:

- (7.3) Certificacións e declaracións
- (7.4) Dossier informativo da entidade solicitante
- (7.5) Memoria de actividades a subvencionar
- (7.6) Importe da subvención e orzamento

### 7.3. CERTIFICACIÓNS E DECLARACIÓNS

**7.3.1.-** Certificación do acordo de solicitude e do nomeamento da persoa representante para a relación coa Deputación

**7.3.2.-** Acreditación da delegación da Presidencia ou persoa en quen delegue na que se especifique o alcance desta delegación.

**7.3.3.-** Declaración de estar legalmente constituída antes de presentar a solicitude, de dispor de estatutos debidamente inscritos no rexistro público correspondente e adaptados á lexislación vixente.

**7.3.4.-** Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar o pagamento.



**7.3.5.-** Declaración de non estaren incurso a persoa representante e a entidade nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren subvencións das administracións públicas, segundo o disposto na lexislación de carácter xeral.

**7.3.6.-** Solicitud de autorización, se procede, en caso de que a persoa solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, (segundo o disposto no artigo 29.7, d, da Lei Xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta Lei aprobado por RD 887/20016, do 21 de xullo)

**7.3.7.-** No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores de idade, certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado.

**7.3.8.-** Declaración do emprego da lingua galega na presentación, desenvolvemento e difusión social do proxecto.

Ademais da documentación de carácter xeral indicada, as entidades solicitantes neste programa terán que achegar a seguinte específica:

**7.3.9-** Estatutos da entidade adaptados á lexislación vixente, nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente.

**7.3.10 -** Certificación do número de persoas asociadas.

**7.3.11.-** Acreditación da propiedade ou alugueiro de local, caso de existir.

**7.3.12.-** Declaración da disposición gratuíta do seu local a outras entidades.

#### **7.4. DOSSIER DA ENTIDADE.**

As entidades solicitantes presentarán un **Dossier Informativo** que, seguindo directamente o esquema de valoración das solicitudes indicado na base 8 desta convocatoria, conterá os seguintes aspectos:

##### **A) Tipo de entidade** (marcar unicamente unha opción)

- Entidades de natureza cultural (asociacións culturais e entidades que teñan o seu carácter cultural debidamente acreditado no seus estatutos).
- Entidades de natureza veciñal (asociacións de veciñas e veciños, asociacións xuvenís, asociacións de mulleres rurais...)
- Entidades de natureza educativa (ANPAS de centros educativos públicos, asociacións sociopedagóxicas).
- Entidades de natureza social e asistencial (entidades que realizan o seu labor de xeito prioritario no campo dos servizos sociais)

O Servizo de Cultura da Deputación procederá, caso de detectar escollas erróneas de modalidade por parte das entidades, á súa corrección e adscrición á modalidade axeitada.

##### **B) Traxectoria, recursos e base social da entidade:**

- ano de fundación
- número de anos en funcionamento
- número de persoas asociadas
- a entidade conta ou non con local en propiedade ou alugueiro

##### **C) Natureza sociocultural, diversificación e liñas de traballo da entidade, indicando o seguinte:**

- as principais liñas de acción da entidade
- a relación dos grupos de traballo internos, caso de existiren
- relación e descrición breve dos proxectos máis relevantes realizados no último ano.

##### **D) Ferramentas de difusión, impacto social e acceso aberto ao traballo da entidade:**

- Indicación da páxina web e dos perfís en redes sociais presentando os enlaces directos.
- Informe de medios das actividades realizadas no ano anterior.
- Relación das publicacións periódicas (boletín, revista, etc) da entidade.

- Explicación da política da entidade en relación co acceso público aos seus traballos, memorias, proxectos, etc (traballo en código aberto).

#### **7.5- MEMORIA DAS ACTIVIDADES A SUBVENCIONAR.**

As entidades solicitantes presentarán unha **Memoria explicativa da actividade para a que se solicita subvención**, seguindo directamente o esquema de valoración das solicitudes indicado na base 8 desta

convocatoria:

##### **A) Características e interese cultural da proposta.**

- Nome do proxecto e relación enumerada e detallada das actividades que se van desenvolver e para as que se solicita subvención.

- Obxectivos que se perseguen.
- Calendario das actividades.

##### **B) Destinatarios e impacto sociocultural e comunitario**

- Colectivos e persoas destinatarias.
- Descrición do labor de colaboración da entidade solicitante con outras entidades sociais e culturais no desenvolvemento das actividades para as que se solicita subvención. Indicarase como se concreta a colaboración en cada caso.
- Explicación da natureza e impacto sociocultural das actividades (número de persoas asistentes ou participantes, traballo con colectivos de especial interese social, etc).
- Estratexias e ferramentas de difusión das actividades e de creación de públicos, se for o caso.
- Se a entidade solicitante utiliza como espazo habitual das actividades o seu local en alugueiro e quere incluír este gasto anual como concepto de gasto subvencionable, deberá xustificar ese uso na memoria incluíndo na súa solicitude de subvención un mínimo de 20 actividades anuais que se van desenvolver nel, excluíndose do cómputo as de natureza interna.

#### **7.6 IMPORTE DA SUBVENCIÓN E ORZAMENTO.**

**A entidades solicitantes presentarán neste apartado:**

- 7.6.1- O orzamento estimado dos gastos derivados da realización da actividade, desagregado por conceptos.
- 7.6.2- O importe da subvención solicitada, que non poderá superar o 80% do orzamento de gastos.
- 7.6.3. - Unha declaración doutras subvencións ou axudas públicas ou privadas concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto.

#### **Base 8. Resolución**

**8.1 Valoración das solicitudes:** A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo cos baremos establecidos nesta convocatoria.

A entidade deberá completar todos os apartados das plantillas da Memoria e do Dossier, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. **Non se terán en conta para o baremo -nin se fará requirimento deles- aqueles aspectos do Dossier e da Memoria non acreditados ou non informados debidamente pola entidade solicitante.**

##### **8.1.1. CONCEPTOS DE VALORACIÓN COMÚNS ÁS CATRO MODALIDADES:**

**1. Coeficiente de financiamento derivado da solicitude:** ata 10 puntos.

**2. Traxectoria, recursos e base social da entidade:** ata 20 puntos.

- Menos de 5 anos de actividade continuada, 2 puntos.
- Entre 5 e 10 anos de actividade continuada, 3 puntos
- Máis de 10 anos de actividade continuada, 5 puntos.
- Entre 26 e 50 persoas asociadas, 2´5 puntos.
- Entre 51 e 100 persoas asociadas, 5 puntos.
- Entre 101 e 150 persoas asociadas, 7´5 puntos.
- Máis de 151 persoas asociadas: 10 puntos.
- A entidade conta con local en propiedade ou en alugueiro, 2 puntos.

· A entidade pon o seu local (en propiedade ou alugueiro) a disposición doutras entidades de forma gratuíta, 3 puntos. Indicarase a que entidades, en que datas e para que usos.

### 3. Ferramentas de difusión, impacto social e acceso aberto ao traballo da entidade: ata 20 puntos.

· A entidade conta con páxina web e perfís de redes sociais actualizados para a difusión e recollida de toda a actividade realizada: ata 5 puntos. 2 punto se a entidade conta con páxina web propia, 3 puntos se ademais a web usa o dominio gal como dominio principal. 1 punto por cada perfil en redes sociais. Indicarase o enlace á web e aos perfís. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.

· A entidade presenta un documento PDF coa relación de ligazóns ou referencias á presenza en medios de comunicación acadada no ano anterior: ata 5 puntos. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.

· A entidade conta con algún tipo de publicación periódica (revista, boletín, etc) en formato físico e lingua galega: 5 puntos. A entidade presentará un documento PDF que acredite este particular, coa reprodución das portadas e índices das publicacións. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.

· A entidade comparte ou permite o acceso público, a través da súa web, ás memorias dos proxectos e iniciativas, materiais editados, etc: 5 puntos. Indicarase o enlace directo ao apartado da web en que figure esta documentación. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.

#### 8.1.2. CONCEPTOS DE VALORACIÓN ESPECÍFICOS DE CADA MODALIDADE:

##### MODALIDADE A. Entidades de natureza cultural.

· **Natureza sociocultural, diversificación e estabilidade das liñas de traballo da entidade:** ata 20 puntos.

· A entidade conta con grupo estábel de persoas no campo das artes escénicas ou musicais (exemplos: grupo de teatro, grupo coral, formación musical...), 4 puntos. **Demostrarase a través da presentación en PDF dun Dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.**

· A entidade edita unha publicación periódica e/ou conta con grupo estábel de persoas no campo da lectura, o libro e/ou a edición (exemplos: edición de libros, revistas, funcionamento de club de lectura, organización de obradoiros de escrita literaria...), 4 puntos. **Demostrarase a través da presentación en PDF dun Dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado. Non se contabilizarán neste apartado a publicación de folletos, programas ou elementos de difusión de actividades.**

· A entidade conta con grupo estábel de persoas no campo da imaxe, as artes plásticas e o audiovisual (exemplos: a entidade conta con espazo e programación expositiva habitual, con grupo estábel de creación audiovisual, artístico e/ou fotográfico...), 4 puntos. **Demostrarase a través da presentación en PDF dun Dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.**

· A entidade conta con grupo estábel de persoas no campo do patrimonio material e/ou inmaterial (exemplos: grupo estábel de divulgación patrimonial, con rutas ou visitas guiadas habituais...), 4 puntos. **Demostrarase a través da presentación en PDF dun Dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.**

· A entidade conta con grupo estábel de persoas no campo do pensamento, a historia e o debate social (exemplos: grupo de recuperación da memoria local, grupo de debate e equivalentes), 4 puntos. **Demostrarase a través da presentación en PDF dun Dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.**

· **Interese da proposta presentada,** valorado por unha **comisión técnica** de persoas expertas no ámbito cultural e alleas á Deputación: ata 30 puntos.

Valoraranse os seguintes aspectos:

A) O interese cultural da proposta, ata 15 puntos.

B) O impacto sociocultural, os destinatarios e as estratexias de creación de públicos previstas na proposta, ata 15 puntos.

A Comisión Técnica, no informe técnico correspondente, valorará os puntos A e B, derivados do documento (**Memoria** explicativa da actividade para a que solicita a subvención), mais igualmente terá en conta a información que cada entidade traslada no documento (**Dossier:** explicativo da natureza e traxectoria da entidade solicitante).

##### MODALIDADE B. Entidades de natureza veciñal.

· **Natureza sociocultural, diversificación e estabilidade das liñas de traballo da entidade:** ata 20 puntos.

· A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior relacionadas coa recuperación da identidade e da memoria veciñal e/ou coa información e difusión de contidos relacionados directamente coa veciñanza, a través de publicacións, revistas, libros, exposicións, contidos audiovisuais, soportes dixitais, etc. 4 puntos. **Demostrarase a través da presentación en PDF dun Dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.**

· A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior que tiveron en conta a perspectiva de xénero, o apoio á normalización social da lingua galega, o respecto ao entorno e coñecemento e valoración do medio ambiente e o patrimonio natural ou a atención e apoio á integración de persoas con dificultades. 4 puntos. **Demostrarase a través da presentación en PDF dun Dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.**

· A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior centrados na mellora da convivencia veciñal, as relacións interxeracionais e no fortalecemento da relación, colaboración e integración da veciñanza. 4 puntos. **Demostrarase a través da presentación en PDF dun Dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.**

· A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de actividades de fomento do debate e/ou a participación social da veciñanza no ano anterior, a través de debates, foros, mesas redondas, etc. 4 puntos. **Demostrarase a través da presentación en PDF dun Dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.**

· A entidade solicitante acredita a xestión directa dalgún espazo ou recurso de uso e interese social e accesible ao conxunto da veciñanza. 4 puntos **Demostrarase a través da presentación en PDF dun Dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.**

· **Interese da proposta presentada**, valorado por unha comisión técnica de persoas expertas no ámbito cultural e alleas á Deputación: ata 30 puntos.

Valoraranse os seguintes aspectos:

A) O interese cultural da proposta, ata 15 puntos.

B) O impacto sociocultural e comunitario da proposta, ata 15 puntos.

A Comisión Técnica, no informe técnico correspondente, valorará os puntos A e B, derivados do documento (**Memoria** explicativa da actividade para a que solicita a subvención), mais igualmente terá en conta a información que cada entidade traslada no documento (**Dossier**: explicativo da natureza e traxectoria da entidade solicitante).

#### MODALIDADE C. Entidades de natureza socioeducativa.

· **Natureza sociocultural, diversificación e estabilidade das liñas de traballo da entidade e do proxecto para o que se solicita apoio**: ata 20 puntos.

· A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior que incluíron estratexias dirixidas a persoas en situación de especial vulnerabilidade social e/ou educativa. 4 puntos. **Demostrarase a través da presentación en PDF dun Dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.**

· A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior que tiveron en conta a perspectiva de xénero: 4 puntos. **Demostrarase a través da presentación en PDF dun Dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.**

· A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior que tiveron en conta o apoio á diversidade cultural e á normalización social da lingua galega. 4 puntos. **Demostrarase a través da presentación en PDF dun Dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.**

· A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior que abordaron o coñecemento e valoración do medio ambiente, o patrimonio natural e o respecto e coñecemento do contorno. 4 puntos. **Demostrarase a través da presentación en PDF dun Dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.**

· A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de actividades formativas no ámbito sociopedagóxico no ano anterior dirixidas á formación do profesorado. 4 puntos **Demostrarase a través da presentación en PDF dun Dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.**

• **Interese do proxecto presentado**, valorado por unha **Comisión técnica** de persoas expertas no ámbito cultural e alleas á Deputación: ata 30 puntos.

Avaliarase polo seu grao de elaboración, concreción e coherencia cos seus propios obxectivos e coa finalidade da propia convocatoria. Desagregarase en:

A) Grao de calidade en termos de elaboración e concreción do proxecto (obxectivos, actividades e plan de traballo). Ata 10 puntos.

B) Grao de calidade en termos de coherencia e interese das actividades. Ata 10 puntos.

C) Presenza de elementos innovadores na proposta de contidos, na metodoloxía ou nos recursos utilizados para o desenvolvemento do proxecto. Ata 10 puntos.

A Comisión Técnica, no informe técnico correspondente, valorará os puntos A e B, derivados do documento (**Memoria** explicativa da actividade para a que solicita a subvención), mais igualmente terá en conta a información que cada entidade traslada no documento (**Dossier**: explicativo da natureza e traxectoria da entidade solicitante).

#### MODALIDADE D. Entidades de natureza social e/ou asistencial.

• **Natureza sociocultural, diversificación e estabilidade das liñas de traballo da entidade e do proxecto para o que se solicita apoio**: ata 20 puntos.

• A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior centrados no ámbito da inclusión social e no apoio a persoas e colectivos en risco de exclusión. 4 puntos. **Demostrarase a través da presentación en PDF dun Dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.**

• A entidade solicitante acredita que no desenvolvemento dos seus proxectos e actividades no ano anterior tivo en conta a perspectiva de xénero, a normalización social da lingua galega, o respecto á diversidade cultural, lingüística, relixiosa ou afectivo-sexual ou o coñecemento e valoración do medio ambiente e do patrimonio natural. 4 puntos. **Demostrarase a través da presentación en PDF dun Dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.**

• A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior cuxa finalidade principal fose o apoio na atención a persoas e familiares destas afectadas por unha discapacidade física, intelectual ou sensorial; unha enfermidade mental, neurolóxica, dexenerativa ou unha enfermidade crónica, incluíndo as “enfermidades raras”. 4 puntos. **Demostrarase a través da presentación en PDF dun Dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.**

• A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior centrados na sensibilización social nos ámbitos das actitudes cívicas, os valores democráticos e o respecto aos dereitos humanos. 4 puntos. **Demostrarase a través da presentación en PDF dun Dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.**

• A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior centrados no desenvolvemento socioeconómico do territorio. 4 puntos. **Demostrarase a través da presentación en PDF dun Dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.**

• **Interese do proxecto presentado**, valorado por unha **comisión técnica** de persoas expertas no ámbito cultural e alleas á Deputación: ata 30 puntos.

Avaliarase polo seu grao de elaboración, concreción e coherencia cos seus propios obxectivos e coa finalidade da propia convocatoria. Desagregarase en:

A) Grao de calidade en termos de elaboración e concreción do proxecto (obxectivos, actividades e plan de traballo). Ata 10 puntos.

B) Grao de calidade en termos de coherencia e interese das actividades. Ata 10 puntos.

C) Presenza de elementos innovadores na proposta de contidos, na metodoloxía ou nos recursos utilizados para o desenvolvemento do proxecto. Ata 10 puntos.

A Comisión Técnica, no informe técnico correspondente, valorará os puntos A e B, derivados do documento (**Memoria** explicativa da actividade para a que solicita a subvención), mais igualmente terá en conta a información que cada entidade traslada no documento (**Dossier**: explicativo da natureza e traxectoria da entidade solicitante).



## 8.2.- Concesión

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva e será aprobada por resolución da presidencia.

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas crearase unha comisión técnica, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria no ámbito cultural obxecto de esta convocatoria, que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar. Esta comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda.

A unidade que tramita o expediente, á vista da documentación que consta neste, formulará un informe proposta de resolución de concesión provisional, debidamente motivado, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que propoñen a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite. Na súa proposta de resolución, e por motivos argumentados baseados na insuficiencia orzamentaria, a unidade poderá deixar fóra da concesión a aquelas entidades que figuren no tramo de puntuación máis baixa. Este informe proposta será fiscalizado.

A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión provisional, que deberá notificárselles a interesadas/os na forma prevista na convocatoria. Concederáselles un prazo de 10 días hábiles para presentaren, se é o caso, a desistencia da solicitude, a reformulación ou as alegacións que consideren oportunas.

No caso de non formular desistencia expresa, a subvención considerarase aceptada tacitamente.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas distintas ás aducidas polos interesados. Neste caso, a resolución de concesión provisional adoptada terá o carácter de definitiva.

No caso de que existisen alegacións por parte das/os interesadas/os, deberanse resolver expresamente na resolución de concesión definitiva das subvencións.

A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor do beneficiario proposto fronte á Deputación mentres non se notifique a resolución definitiva de concesión.

## 8.3.- Reformulación de solicitudes:

Cando o importe da subvención concedida sexa inferior ao importe solicitado, entenderase automaticamente reformulada a solicitude de subvención.

## 8.4.- Cambios de obxecto:

Neste programa de subvencións non se admitirán cambios de obxecto.

## Base 9. Xustificación e pagamento

### 9.1.- Prazo de xustificación.

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **31 de marzo de 2022**, ás 14:00 horas.

### 9.2.- Consideracións xerais.

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos; serán gastos subvencionables os que resulten imputables contablemente a algún dos conceptos fixados no orzamento tomado en consideración no acto da concesión da subvención.

A cantidade para xustificar será o importe da subvención concedida dividido entre o coeficiente de financiamento fixado na resolución de concesión

No caso de ter outras subvencións, ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención da Deputación da Coruña, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado para xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento desenvolvido pola entidade beneficiaria.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

### 9.3 Documentación xustificativa

A documentación xustificativa deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola secretaría co visto e prace da presidencia ou persoa na que delegue.
- No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola presidencia ou persoa que represente a entidade
- Nos caso das certificacións de gastos e ingresos, quen exerza as funcións financeiras ou de tesourería

#### A documentación que se ha presentar é a seguinte:

**9.3.1.-** Memoria das actividades realizadas na anualidade, que conterá como mínimo os seguintes aspectos: actividades desenvolvidas, temporalización, ámbito territorial, cuantificación e perfil dos participantes, resultados obtidos...

Se a entidade utiliza como espazo habitual das actividades o seu local en alugueiro e quere incluír este gasto anual como concepto de gasto subvencionable, deberá xustificar ese uso na memoria, incluíndo un mínimo de 20 actividades anuais desenvolvidas nel, excluíndose do cómputo as de natureza interna (reunións da directiva, asembleas de socios e socias, ensaios, etc).

**9.3.2.-** Certificación dos gastos realizados. Este documento deberá asinalo conxuntamente a persoa que exerza as funcións financeiras ou de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade respectiva.

**9.3.3.-** No suposto de que a subvención se xustifique con **gastos de persoal**, indicarse, para cada traballador/a e mes, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade.

Neste caso, a entidade deberá achegar a correspondente **autorización individual** asinada por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

**9.3.4.-** Relación detallada de todos os ingresos concedidos por outras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos propios afectados á actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outros ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto. Este documento deberá asinalo conxuntamente a persoa que exerza as funcións de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade respectiva.

**9.3.5.-** Unha declaración do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

**9.3.6.-** Declaración de non ter pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación dos xustificantes.

**9.3.7.-** A entidade indicará se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.

**9.3.8.-** Acreditación da inclusión do logotipo da Deputación e uso da lingua galega nos soportes de difusión das actividades subvencionadas e da obriga de incluír en lugar visible e na súa páxina web a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.

**9.4.- Tramitación da xustificación.** Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o art. 31.2 da Lei xeral de subvencións, entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada na base anterior.

Á vista da documentación xustificativa presentada e logo dos informes previos da unidade xestora despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades subvencionadas e, se a documentación é correcta, procederase ao pagamento da subvención.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, mais do 50% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda; pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento, ditándose resolución de perda do dereito ao cobro.

A Deputación da Coruña poderá requirir da entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

**9.5.- Prazo de pagamento.-** O pagamento terá que realizarse no prazo máximo de dous meses desde que a entidade local beneficiaria presentara completamente a documentación xustificativa. No caso de que non se cumpra este prazo, a Deputación aboará de oficio os xuros de mora que correspondan.

#### **Base 10. Incumprimentos e sancións**

O procedemento sancionador está regulado no Capítulo VI da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

#### **Base 11. Publicidade das subvencións concedidas**

A Deputación Provincial da Coruña publicará as subvencións concedidas na Base de Datos Nacional de Subvenciones.

A Deputación contará co Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios a que se refire a disposición adicional sexta da Lei de subvencións de Galicia e facilitará á comunidade autónoma a información a que se refire o apartado 3 do artigo 16 da devandita norma.

#### **Base 12. Protección de datos persoais**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>)

#### **Disposición adicional primeira**

O programa F203/2021 tramítase como expediente anticipado de gasto, polo que a aprobación das presentes bases queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do Orzamento Xeral da Deputación da Coruña para o exercicio 2021 no que se conteña o crédito adecuado e suficientes para financiar as obrigas derivadas da convocatoria.

Consonte co anterior, non se poderá realizar ningún acto que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra a condición suspensiva citada no apartado anterior.

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

#### **Disposición adicional segunda.**

A participación na convocatoria supón a aceptación destas bases reguladoras.

A Coruña, 29 de decembro de 2020

O presidente,

Valentín González Formoso

O secretario,

José Luis Almau Supervía

2020/9966